

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15013591	CEIP Plurilingüe Santa María	As Pontes de García Rodríguez	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. Así, a educación plástica e visual xunto coa música e a danza teñen especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. O desenvolvemento artístico posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización... E, todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais amais de gozar coas nosas propias producións artísticas. Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Este marco enriquecese na aula ao ser unha materia impartida en lingua inglesa coa axuda dunha auxiliar de conversa que nos introduce en distintas culturas facendo máis cotiá o global.

Ademais, nesta etapa, a educación plástica e visual sitúase nun lugar privilexiado para a educación en valores, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual. Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe. Xa que logo, para desenvolver este currículo tivemos en conta a total integración nel da aprendizaxe por competencias, de xeito que o profesorado poida utilizar este documento como guía e base da adquisición de competencias do seu alumnado, obxectivo primordial deste enfoque.

Para isto, é imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver. Así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e propónse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa. Para facilitar a concreción curricular tanto na área o currículo establece catro bloques de contidos. Porén, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

Por último, faise necesaria unha implicación do profesorado na creación de materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe, así como un compromiso co desenvolvemento destas metodoloxías na aula, feito que leva consigo un importante nivel de coordinación de todos os membros da comunidade educativa -en particular as familias-, unha reflexión e a avaliación dos resultados, para definir melloras posteriores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Nós - We are...		30	15	X		
2	E os demais - Everybody around us!		30	10		X	
3	No mundo - It's our world		40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Nós - We are...	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras sinxelas empregando formas, texturas e instrumentos traballados na aula.	PE	30
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora obras sinxelas empregando as técnicas artísticas traballadas.		
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Observa diferentes formas de presentar o espazo, identifica as cores aprendidas e nomea as formas básicas e os seus tamaños.	TI	70
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe calidades e características básicas de materiais e obxectos presentes no contexto.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica do contexto presentados na aula.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración de obras conxuntas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Describe o que sente ou pensa sobre as súas creacións e as dos seus compañeiros e compañeiras.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

UD	Título da UD	Duración
2	E os demais - Everybody around us!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras sinxelas empregando formas, texturas e instrumentos traballados na aula.(recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores...).	PE	25
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora obras sinxelas empregando as técnicas artísticas traballadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración de obras conxuntas.		
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Observa diferentes formas de presentar o espazo, identifica as cores aprendidas e nomea as formas básicas e os seus tamaños.	TI	75
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe calidades e características básicas de materiais e obxectos presentes no contexto.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica distintas técnicas artísticas traballadas na aula e obras de arte da contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica do contexto presentados na aula.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración de obras conxuntas.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración de obras conxuntas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Describe o que sente ou pensa sobre as súas creacións e as dos seus compañeiros e compañeiras.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Observa diferentes formas de presentar o espazo, identifica as cores aprendidas e nomea as formas básicas e os seus tamaños en obras audiovisuais.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe calidades e características básicas de propostas audiovisuais.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica distintas técnicas artísticas traballadas na aula e obras de arte da contorna.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas propostas audiovisuais relacionadas cos contidos traballados.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	No mundo - It's our world	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras sinxelas empregando formas, texturas e instrumentos traballados na aula.(recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores...).	PE	30
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora obras sinxelas empregando as técnicas artísticas traballadas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras sinxelas empregando formas, texturas e instrumentos traballados na aula.(recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores...) para transmitir imaxes en movemento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora obras sinxelas empregando as técnicas artísticas traballadas.		
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Observa diferentes formas de presentar o espazo, identifica as cores aprendidas e nomea as formas básicas e os seus tamaños.	TI	70
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe calidades e características básicas de materiais e obxectos presentes no contexto.		
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identifica distintos de elementos (técnicas, elementos gráficos e artísticos) nas obras traballadas.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica distintas técnicas artísticas traballadas na aula e obras de arte da contorna.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica do contexto presentados na aula.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración de obras conxuntas.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Realiza obras grupais de maneira guiada.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Describe o que sente ou pensa sobre as súas creacións e as dous seus compañeiros e compañeiras.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Observa diferentes formas de presentar o espazo, identifica as cores aprendidas e nomea as formas básicas e os seus tamaños en obras audiovisuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe calidades e características básicas de propostas audiovisuais.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identifica distintos de elementos (técnicas, elementos gráficos e artísticos) nas obras traballadas.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica distintas técnicas artísticas traballadas na aula e obras de arte da contorna.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na realización de obras grupais.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración de obras conxuntas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas propostas audiovisuais sobre as obras traballadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que será empregada na materia de EPV será unha metodoloxía inclusiva que permita traballar coa diversidade e coas diversas sensibilidades e intereses do alumnado da aula. Traballaremos en distintas propostas que partan da observación dunha peza artística, concretamente ilustracións ou audiovisuais, xa que a biblioteca é un punto de referencia fundamental do centro. A partir da observación e análise das mesmas, proporemos distintas actividades de produción. Vencellaránse estas ao longo do curso coas distintas celebracións e actividades complementarias que se propoñen para todo centro e que terán como fío condutor o proxecto anual.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria. Para iso, traballaránse todos os contidos ao longo dos trimestres co que buscamos unha aprendizaxe en espiral, aprofundando nos mesmos segundo a aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado ao longo do curso. De maneira especial na área, buscaranse propostas que axuden ao alumnado á expresión das súas emocións e ao seu autoconecemento (D.155/22).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material empregado

Os materiais serán os propios da materia e os requeridos en cada momento para a elaboración de cada proxecto. Tal e como establece o currículo, empregaremos distintos recursos, soportes e contextos. Prestarase especial atención á reutilización e reciclaxe de materiais.

De maneira xeral, contaremos:

- Pantalla dixital para distintos programas e aplicacións)
- Pinceis e témperas
- Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento, tesoiras
- Cartolinas e papeis de cores, e outros materiais de soporte.
- Lapis, goma, sacapuntas
- Outros materiais de modelado para o traballo de pezas tridimensionais.

En canto a recursos persoais contamos, amais da mestra que imparte a materia, coa nosa auxiliar de conversa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación do proceso individual e grupal do alumnado ao principio do curso escolar é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe. Esta avaliación realizarase durante todo o mes de setembro e dividirase fundamentalmente en dous eixos:

- Por unha banda, repaso sistemático dos contidos (habilidades e coñecementos) xa traballados na etapa anterior.
- Pola outra, recollida de datos sobre os coñecementos, intereses e actitudes e habilidades do alumnado, e avaliación dos mesmos.

A partir da análise dos datos recollidos, organizaranse os contidos e a súa progresión para todo o curso, facendo ao longo do mesmo, as modificacións que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Proba escrita	30	25	30	28
Táboa de indicadores	70	75	70	72

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de avaliación da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

- Entrega e realización de todas as tarefas propostas: 40%
- Esfuerzo, calidade e orixinalidade nas tarefas entregadas: 30%
- Interese na aula, actitude e colaboración cos seus compañeiros e compañeiras: 30%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ao final de cada UD pode recuperalos ao longo do curso xa que se entenden as propostas a revisión de contidos dados para ir ampliándoos de maneira paulatina.

Para esta recuperación establecemos unha comunicación para especificar aqueles mínimos de consecución que precisa acadar. Explicaráselle concretamente ao neno ou nena verbalmente e resolvendo dúbidas que haxa ao respecto. Levarase a cabo unha comunicación coa familia para establecer as maneiras de colaboración e implicación á hora de acompañar a aprendizaxe do neno ou nena.

6. Medidas de atención á diversidade

A mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. Por iso, ás veces, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles nenos e nenas máis receptivos ou con maior interese.

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe á hora de realizar as actividades.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe, amosando distintos modelos, acompañando no emprego de distintas técnicas.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes, buscando aqueles elementos de interese, reforzando de forma positiva os pasos dados.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito científico	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais trabállanse no propio traballo diario, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos. Ademais, refórzanse nas distintas conmemoracións ao longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados	Expoñer no corcho do curso as obras realizadas na aula ao longo dos tres trimestres.			
Decoración de corredores	Decorar os corredores do centro segundo a temática das festividades reflectidas no calendario escolar.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Desenvolvéronse a maioría das competencias clave.
Metodoloxía empregada
Revisouse a PD ao longo do curso para que fose práctica e útil para cadar os obxectivos propostos.
Empregáronse as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos anteriores indicadores de logro. Estas complementarase coas achegas realizadas nas distintas reunións das sesións de avaliación. Desta maneira, incluíranse observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio que se consideren.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras o remate de cada trimestre, despois da sesión de avaliación revisarase a PD en relación coa avaliación do propio proceso de aprendizaxe.

- Seguimento da PD (temporalización, grao de cumprimento, adecuación...)
 - Análise das dificultades do alumnado (actividades específicas, propostas alternativas...).
- A partir desta valoración, faranse as propostas de mellora pertinentes.

9. Outros apartados